

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidocal.es*

Anuncio de adjudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adjudicación por Decreto da Alcaldía de data 13 de marzo de 2013, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de “transformación do antigo centro de saúde en edificio multiusos”co seguinte tenor literal:

“DECRETO 13/03/13

Vista a resolución do director xeral de Agader do 8 de outubro de 2012 pola que se fai público o resultado do proceso de selección da convocatoria para subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, correspondentes ao período2012-2013,e se modifica o prazo de execución e xustificación (Diario oficial de Galicia nº 198, do 17 de outubro), pola que se concede ao Concello de Entrimo unha subvención para a “transformación do antigo centro de saúde en edificio multiusos”, co detalle que se transcribe:

Investimento da obra, sen IVE	Subvención
50.000,00 €	43.465,00 €

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 5 de febreiro de 2013 foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar a obra de “transformación do antigo centro de saúde en edificio multiusos” cuxo prezo ascende á cantidade de 50.000,00 euros e 10.500,00 euros de IVE.

Visto que con data 5 de febreiro de 2013 emitíronse informes de Intervención e de Secretaría sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato.


Visto que dada a característica da obra parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, mediante tramitación ordinaria.

Visto que con data 05/02/2013, redactáronse e incorporáronse ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adjudicación do contrato.

Visto que se solicitaron ofertas ás seguintes empresas:

- BENITO BASTOS, S.A., A Illa, Entrimo
- PATRÓN Y CLAUDIO, S.L., Feira Vella, Entrimo
- OURENGAL,S.L., C/Bedoya, nº 7, Ourense

Visto que durante o prazo de presentación de proposicións só se presentou a seguinte oferta:



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Propoñente	Nº de Rexistro	Data de presentación
PATRÓN Y CLAUDIO, S.L.	145	22 de febreiro de 2013

Vista a proposición económica presentada por importe de 50.000,00 euros e 10.500,00 euros de IVE (importe total 60.500,00 euros).

Visto que a empresa PATRÓN Y CLAUDIO, S.L. presentou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e constituiu a garantía definitiva.

Examinada a documentación que consta no expediente e logo de comprobar que a empresa PATRÓN Y CLAUDIO, S.L. reúne os requisitos para contratar coa administración e para a execución das obras en conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado, RESOLVO:

PRIMEIRO. Adxudicar a PATRÓN Y CLAUDIO, S.L., con CIF B-32033011, o contrato de obras de “transformación do antigo centro de saúde en edificio multiusos”, por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, por un importe de 60.500,00 euros, IVE engadido, correspondendo ao IVE a contía de 10.500,00 euros.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución ao adxudicatario e publicala no perfil do contratante.

TERCEIRO. Citar a D. Claudio De Francisco Díz, con DNI nº 34580212-B, para a sinatura do contrato que terá lugar no Concello de Entrimo o día 15 de marzo de dous mil trece ás dez horas.”

Entrimo a 13 de marzo de 2013.

O Alcalde

Asdo.: Ramón Alonso López

